

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)**ANUNCIO DE REALIZACION DO SEGUNDO EXERCICIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS: PROCESO DE SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE EDUCADOR/A SOCIAL  
EXPEDIENTE: 2021/G003/000718**

Sendo as 10.40h dase por rematado o exame. Os aspirantes entregan os exercicios identificados cun código alfanumérico aleatorio que coincide co que identifica unha ficha co seu nome, apelidos e D.N.I. que introducen nun sobre que pechan e que se identificará con ese mesmo código.

Previa a corrección o tribunal ten en conta os seguintes aspectos:

**Sistema de cualificación do caso práctico:**

SISTEMA DE CALIFICACIÓN	
Non fai mención ao contido solicitado ou a interpretación que se fai é errónea ou técnicamente desacertada	0
Faise mención pero o contido resulta insuficiente ou inconsistente	1 punto
O contido é axeitado, pero mellorable ou incompleto	2 puntos
O contido é correcto e completo	3 puntos
O contido é idóneo	4 puntos

Se definiron tamén as correspondencias de puntuación:

CORRESPONDENCIAS DE PUNTUACIÓN		
CALIFICACIÓN	Sobre 3 puntos	Sobre 5 puntos
0	0	0
1	0,75	0,8
2	1,5	2,5
3	2,25	3,75
4	3	5

De acordó ao cal prodúcense os seguintes resultados:

CÓDIGO	Exame Práctico
LAR504H5G8K	<b>22.05</b>
LAR7N4J9U8N	<b>30.50</b>
LAR9D7Y6G0X	<b>20</b>
LAR3A8E7Z9F	<b>NON APTO</b>
LAR1X7O6J5Z	<b>NON APTO</b>



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Finalmente convócase para o **acto público de apertura dos sobres** que conteñen a ficha co nome, apelidos e D.N.I. dos aspirantes e o código alfanumérico aleatorio co que identifica a cada un deles. Esta terá lugar o **LUNS 12 DE XULLO AS 12 HORAS NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DA LARACHA.**

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 12.00 horas, asinando os señores membros do Tribunal dixitalmente á marxe.

## ANEXO I

### SUPOSTO NUM 2

A traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos nos deriva o seguinte caso: Juan, Luís e Rosa son tres menores de 8 e 4 e 1 ano, respectivamente. Conviven cos seus pais, María e Antonio, nunha casa de planta baixa da súa propiedade, que aínda que cumpre as condicións mínimas de habitabilidade, ten humidades por falta de ventilación, está sucia e desordenada, e ten elementos estragados polo uso, en particular os electrodomésticos.

Antonio ten un traballo fixo polo que percibe uns ingresos de 1.100 euros ao mes. María nunca traballou e carece de habilidades básicas de organización doméstica e persoal, con dificultades para a xestión e organización de compras e elaboración de dietas e comidas.

Juan e Luis estan escolarizados no CEIP Otero Pedrayo, e sendo usuarios do comedor escolar. A traballadora social, na derivación, fai constar que, segundo informan os titores dos menores, faltan a clases de forma esporádica, con retraso na súa chegada de forma habitual, aínda que non hai aberto expediente por absentismo escolar. Referencia que Juan é repetidor de 1º de primaria e no tocante ao seu comportamento no centro esolar, destaca a participación en accións delituosas (basicamente comida e obxectos insignificantes: gomas, estoxos... ). Con respecto a Luis, presenta dificultades na linguaxe e na fala, que xoga só, ten dificultades de relación co entorno e cando o chaman polo nome, non reacciona ao chamamento, conta con adaptación escolar (apoio de pedagogía terapéutica).

Os menores contan con calendario de vacunación completa pero o peso e estatura son inferiores á media para a súa idade. No último ano acuden ao centro escolar con baixa hixiene persoal e con roupa non axeitada segundo a climatoloxía, con cansanzo e apatía. Adoitan levar cartos e lambetadas ao colexio, e segundo refiren os titores, de forma habitual acuden sin almorzar. Non consta expediente no RUMI.

María refire que as discusións de parella son constantes, valora non sentirse apoiada cos coidados dos menores e ten grande labilidade emocional, detallando que Antonio esta fora do domicilio dende as 8 da mañá ata as 9 da noite de luns a venres, aínda que traballa ata as 18.00 h., e que polas noites ven de mal humor.

Por outra banda, Antonio considera que as tarefas da casa e os coidados familiares corresponden a María, ao traballar él por conta allea, culpabilizándoa da situación e da intervención dos servizos sociais; ademáis detalla que María acostuma a pasar practicamente todo o día fora da casa, levando consigo á menor Rosa, e deixando a Juan e Luis sós. Afirma que ela é a que manexa a economía familiar, “queixándose sempre de que non ten cartos e das condicións pésimas nas que vive”.

### SUPOSTO NUM 1

A traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos derívanos o seguinte caso: Núcleo de convivencia: Pai: Maximina Máximo López, de 34 anos Nai: Rosalía Flores Bermúdez, de 32 anos. Menores: xemelgos, Roberto e Rebeca, de 2 anos de idade, nados o 1 de febreiro de 2019. A familia ten expediente aberto nos servizos sociais comunitarios básicos do Concello da Laracha desde o ano



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

**Sede Electrónica:** <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

2013, por intervencións concretas co pai dos menores. No mes de abril de 2020, recíbese unha derivación do equipo de traballo social do CHUAC, debido aos problemas de nutrición, coidado e limitacións que veñen observando nos menores. Os nenos nacen prematuros e ambos presentan un atraso madurativo global e un desenvolvemento inferior á súa idade. Presentan problemas de saúde a nivel renal, auditivo e de linguaxe. Na entrevista realizada á familia e a posterior visita domiciliaria, sita en Fornelos 15, obsérvase unha serie de limitacións nas habilidades sociais, na realización das tarefas diarias e limitacións intelectuais (carécese de documentación acreditativa). A relación da parella presenta altos e baixos, debido á gran autoridade paterna, sendo o que toma as decisións no referente aos asuntos familiares e o modo de crianza dos menores, o que provoca fortes enfrontamentos entre os proxenitores. A nai manifesta que o principal conflito é a acusación do pai respecto a a sobreprotección materna para cos menores. A parella só conta co apoio da familia extensa paterna (dos avós e da tía), que lles facilitan a vivenda e asumen os gastos de subministracións (luz e auga), así como a contribución cos gastos alimentarios da familia e soporte nos coidados dos menores relativos á alimentación e vestido. A familia materna, a pesar de ser coñecedora da situación, presta apoios puntuais e limitados. Ambos os proxenitores atópanse en situación de desemprego e sen percibir ningún tipo de prestación económica. A nai, en diferentes períodos incorporouse ao mercado laboral, por horas e sen afiliación á seguridade social, como coidadora de persoas maiores. Destacar a súa motivación pola formación e incorporación ao mercado laboral, interese e motivación que non presenta o pai, que traballa de modo esporádico no verán, na recollida de patacas. Nin o pai nin a nai teñen finalizados a Educación Xeral Básica. Ambos os menores deben tomar un complemento alimenticio, subministrado polos hospital, polos problemas de nutrición que presentan. O servizo hospitalario sospeita dunha incorrecta administración do soporte alimentario. No relativo á hixiene dos menores, en ocasións presentan un aspecto descoidado e sucio. O pai dos menores ten abertas distintas causas no xulgado por delitos de furtos e roubo, pendentas de sentenza



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A vista do caso prantexado:

## **ELABORA O INFORME SOCIEDUCATIVO SEGUNDO A PLANTILLA**

Os criterios de avaliación son:

**Avaliación das necesidades de intervención: ata 5 puntos**

**Síntese da avaliación inicial: ata 3 puntos**

**Obxectivos xerais: ata 5 puntos**

**Metodoloxía: ata 5 puntos**

**Áreas: ata 5 puntos**

**Obxectivos específicos: ata 3 puntos**

**Actuacións/ Actividades: ata 3 puntos**

**Recursos (derivación e aplicación): ata 5 puntos**

**Temporalización: ata 3 puntos**

**Criterios e sistemas de avaliación (instrumentos, indicadores): ata 3 puntos**

### INTRUCCIONES e Aclaracións do Tribunal:

Terá unha duración máxima de 60 minutos.

O Tribunal valorará a **concreción, concisión, claridade** de ideas, así como a **redacción ordenada, texto lexible e pulcritude** do exercicio (no referido a faltas de ortografía, tachóns, flechas para continuar noutra páxina, ou escritura no lateral do folio entre outras)

Se valorará a coherencia do informe e, en particular, o coñecemento dos recursos sociais do concello de A Laracha.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

# INFORME

## SOCIOEDUCATIVO

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN:**

*Emitido por:*

*Entidade/Concello: N° de*

*expediente: Dirixido a:*

*Motivo/demanda: Fase da*

*intervención: Data de*

*emisión:*



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**1. DATOS DA PERSOA TITULAR:**

Nome e apelidos:

Sexo:

Data de nacemento:

DNI/NIE:

Representante legal (se é o caso):

Enderezo:

Teléfono e correo electrónico:

**2. UNIDADE DE CONVIVENCIA/PERSOAS DE REFERENCIA:**

<b>Nome e apelidos</b>	<b>Data de nacemento</b>	<b>Relación ou parentesco</b>
<b>Potencialidades e vulnerabilidades:</b>		
<b>Observacións:</b>		



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

### **3. AVALIACIÓN DE NECESIDADES DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA:**

#### **3.1. Área convivencial**

<i>Potencialidades e vulnerabilidades:</i>
<i>Observacións:</i>

#### **3.2. Área económica-laboral**

<i>Potencialidades e vulnerabilidades:</i>
<i>Observacións:</i>

#### **3.3. Área de saúde**

<i>Potencialidades e vulnerabilidades:</i>
<i>Observacións:</i>

#### **3.4. Área educativa**

<i>Potencialidades e vulnerabilidades:</i>
<i>Observacións:</i>



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**3.5. Área social**

<i>Potencialidades e vulnerabilidades:</i>
<i>Observacións:</i>

**3.6. Síntese da avaliación inicial**

--

**4. PLAN DE TRABAJO SOCIOEDUCATIVO:**

**4.1. Obxectivos xerais**

--





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
**Sede Electrónica:** <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

#### 4.2. Metodoloxía

--

#### 4.3. Áreas de intervención

--

### OBXECTIVOS POR ÁREAS (establecer o número de áreas que se considere necesario) 2 Pode haber máis dunha

actuación ou recurso por obxectivo.

<b>Obxectivo xeral de área:</b>			
<i>Obxectivos específicos</i>	<i>Actuacións/ actividades<sup>2</sup></i>	<i>Recursos<sup>2</sup></i>	<i>Temporalización</i>



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

**Sede Electrónica:** <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

--	--	--	--



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

<b>Obxectivo xeral de área:</b>			
<i>Obxectivos específicos</i>	<i>Actuacións/ actividades<sup>2</sup></i>	<i>Recursos<sup>2</sup></i>	<i>Temporalización</i>

<b>Obxectivo xeral de área:</b>			
<i>Obxectivos específicos</i>	<i>Actuacións/ actividades<sup>2</sup></i>	<i>Recursos<sup>2</sup></i>	<i>Temporalización</i>



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

<b>Obxectivo xeral de área:</b>			
<i>Obxectivos específicos</i>	<i>Actuacións/ actividades<sup>2</sup></i>	<i>Recursos<sup>2</sup></i>	<i>Temporalización</i>

<b>Obxectivo xeral de área:</b>			
<i>Obxectivos específicos</i>	<i>Actuacións/ actividades<sup>2</sup></i>	<i>Recursos<sup>2</sup></i>	<i>Temporalización</i>



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**SINATURA**

Sinatura da educadora ou educador social:            N° de colexiada/o:

Lugar e data:            Selo da entidade